

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO CULTURAL Y RECREATIVO HIJOS DE GALICIA, DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA OBRAS DE REPARACIÓN DA INSTALACIÓN ELECTRICA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar un convenio de colaboración co Centro Cultural y Recreativo Hijos de Galicia de Montevideo por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

A urxencia e a necesidade de acometer a reparación da instalación eléctrica desta entidade xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Centro Cultural y Recreativo Hijos de Galicia, de Montevideo, está rexistrado como centro colaborador da galegidade no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten como finalidade contribuír ó estudo e coñecemento da historia, costumes e cultura de Galicia organizando actos culturais, artísticos e recreativos como medios para a súa consecución.

As instalacións desta entidade, situadas en Montevideo, con posterioridade ó remate do prazo de presentación de solicitudes ao amparo do programa ordinario que cada ano convoca a Secretaría Xeral da Emigración, sufriron unha inundación orixinada na azotea que provocou roturas e deterioros na parte eléctrica e nas caneiras da súa sede que obrigan a unha reparación urxente que permita manter o centro aberto, desenvolver a súa actividade e evitar o seu peche definitivo. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta instalación que, segundo os orzamentos presentados supón un montante de máis de 6.500 €.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento das obras urxentes de reparación da instalación eléctrica afectada pola inundación sufrida na sede da devandita entidade.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN  
Praza de Mazarelos, núm. 15  
15703 Santiago de Compostela  
T. +34 981 957 158  
emigracion@xunta.gal  
galiciaaberta.com



Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na necesidade de manter abertas as instalacións da entidade, para que poida continuar realizando as actividades e os servizos que presta ós seu socios e á colectividade galega do seu ámbito de actuación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de cinco mil euros (5.000 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

